

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 12 DE XULLO DE 2012,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia na súa categoría de ouro ao Grupo Milladoiro, á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, e á título póstumo aos policías nacionais Javier López López, Rodrigo Maseda Lozano e José Antonio Villamor Vázquez.
- Decreto polo que se dispón que cese Pablo Figueroa Dorrego como director da Escola Galega de Administración Pública.
- Decreto polo que se nomea a Sonia Rodríguez-Campos González como directora da Escola Galega de Administración Pública.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se crea a Comisión de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en paisaxismo e medio rural.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en enerxías renovables.
- Decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario para o curso 2012/2013.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se autoriza a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas co Concello de Nigrán para a construción dun punto limpo no concello de Nigrán (Pontevedra) polo importe de trescentos oito mil oitocentos cincuenta e sete euros e cincuenta e un céntimos (308.857,51 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Bergondo para a execución da obra dos "colectores xerais de saneamento e estación depuradora de augas residuais en Gandarío, por un importe total de catro millóns douscentos noventa e dous mil douscentos setenta e dous euros con trinta e oito céntimos (4.292.272,38 euros), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do P.O. FEDER GALICIA 2007-2013.
- Acordo polo que se autoriza o gasto para a execución do contrato de servizo para a "asistencia técnica á dirección de explotación de obras hidráulicas na Comunidade Autónoma de Galicia 2012", de clave: AT/188, por ter o contrato un orzamento de licitación de dous millóns cento setenta e dous mil cento noventa e dous euros e setenta e tres céntimos (2.172.192,73 euros).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto do parque eólico singular de Barreiros (concello de Barreiros, Lugo), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, de acordo co previsto na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de realización de probas de laboratorio para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde (AI-SER1-12-026), por un importe de dous millóns douscentos noventa e nove mil seiscientos noventa e seis euros con setenta céntimos (2.299.696,70 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o estudo de optimización enerxética do sector da madeira en Galicia 2011.
- Informe sobre os resultados de internacionalización e da rede PEXGA.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a adxudicación do servizo de operación telefónica da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061.
- Informe sobre o concurso de traslados 2012 de persoal licenciado sanitario.

O CONSELLO DA XUNTA CONCÉDELLES A MEDALLA DE OURO DE GALICIA AO GRUPO DE MÚSICA MILLADOIRO, Á REAL ACADEMIA DE MEDICINA E CIRURXÍA DE GALICIA E, A TÍTULO PÓSTUMO, AOS POLICÍAS JAVIER LÓPEZ LÓPEZ, RODRIGO MASEDA LOZANO E JOSÉ ANTONIO VILLAMOR VÁZQUEZ

- ***A entrega desta distinción realizarase o vindeiro 25 de xullo nun acto solemne***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se lles concede a Medalla de Galicia, na súa categoría de ouro, ao grupo de música Milladoiro, á Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e, a título póstumo, aos policías nacionais Javier López López, Rodrigo Maseda Lozano e José Antonio Villamor Vázquez, que faleceron o pasado 27 de xaneiro na praia do Orzán (A Coruña)

Trátase da máxima condecoración que concede o Goberno galego, e que será imposta o vindeiro 25 de xullo.

Grupo Milladoiro

Grupo de música folk e de música celta, que naceu a finais da década dos 70 da unión da formación tradicional Faíscas do Xiabre, integrada por Xosé V. Ferreirós, Nando Casal e Ramón García Rei, cos músicos Antón Seoane e Rodrigo Romaní. Algúns dos seus componentes coñecíanse desde comezos da década dos 70 e outros de toda a vida.

É unha formación musical que permaneceu estable durante moito tempo, ata o ano 2000 no que Rodrigo Romaní, que para moitos era a cabeza visible da formación, abandona o grupo para seguir un camiño en solitario.

Comparten a paixón pola música e polo noso país, e durante anos levan realizado unha incansable labor de recuperación e reivindicación da tradición musical galega.

Milladoiro é un dos principais embaixadores da cultura galega por todo o mundo, ademais de participar no campo da fusión e investigación de novas formas artísticas.

O seu primeiro concerto foi o 15 de maio de 1979 no Colexio Salesianos de A Coruña e na súa andaina musical teñen no seu haber vinte e catro discos entre os anos 1979 e 2008.

Durante os anos o grupo foi evolucionando cara unha música cada vez máis elaborada, de aspecto clásico, pero que mantén as súas referencias na música galega. Os seus discos e directos manteñen a alternancia entre o repertorio máis folk e as pezas de carácter máis concertista.

Milladoiro está considerado como un dos pioneiros da modernidade no folk galego, innovando nas combinacións instrumentais pouco habituais, ou sendo primeiro grupo folk que gravou música acompañados de pandereteiras.

A súa versatilidade, demostrada non só nos seus traballos como grupo senón noutras producións e colaboracións, serviulles para gañar un Premio Goya en 1986 pola banda sonora orixinal da película *La mitad del cielo*, de Manuel Gutierrez Aragón.

Entre os seus discos destacan o titulado Iacobus Magnus, gravado no ano 1994 coa English Chamber Orchestra, encargado polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela como conmemoración do Ano Santo, e que é o primeiro traballo de Milladoiro con orquestra.

Tamén pode destacarse o disco titulado Gallaecia Fulget, gravado no ano 1995, encargado pola Universidade de Santiago de Compostela para a exposición conmemorativa dos 500 anos da súa fundación.

Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia

O pasado ano cumpríronse 180 anos dende o seu establecemento, que tivo lugar o 7 de xuño de 1831 en Santiago de Compostela, aínda que a súa creación fora aprobada por un real decreto de Fernando VII o 28 de agosto de 1827. O 18 de xullo de 1833, a Real Academia trasladouse á cidade da Coruña, na que se mantén ata a actualidade.

O nacemento da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, xunto con outras nove aprobadas no mesmo real decreto de Fernando VII, representou a primeira tentativa seria para organizar, de maneira global, o devir da medicina.

Na actualidade, as súas misións principais son as de cultivar e estimular o estudo e a investigación das ciencias médicas; auxiliar ás autoridades nas cuestións sanitarias; conservar e cultivar unha biblioteca especializada e informar aos investigadores sobre cuestións sanitarias.

A principal expresión desas actividades constitúena a realización de sesións científicas semanais, abertas aos profesionais médico-sanitarios en xeral e nas que que, como un foro de formación continuada en nivel de excelencia, se fai unha permanente posta ao día dos progresos médicos nos seus diversos aspectos preventivo, diagnóstico, pronóstico e terapéutico.

Igualmente, lévanse a cabo sesións de divulgación socio-sanitaria destinadas a contribuír á mellor educación, nesta materia, da poboación galega en xeral, impartindo conferencias "á carta" en atención ao que a sociedade demande.

A Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia, como institución, recibiu a Placa de Ouro ao Mérito Sanitario de Galicia no ano 2003, o XII Premio "Novoa Santos" de

ASOMEGA (Asociación de Médicos Galegos no exterior) no ano 2007 e a Medalla de Ouro da Cidade da Coruña no ano 2009.

Na actualidade, presidida polo profesor D. José Carro Otero, forman parte da Academia 38 académicos numerarios; 6 académicos de honra; 5 académicos honorarios e 301 académicos correspondentes (204 residen en Galicia; 63 noutros lugares de España e 34 no estranxeiro: Alemaña, Arxentina, Cuba, Francia, Gran Bretaña, Italia, Uruguai e Estados Unidos).

A Real Academia promove becas, premios, congresos para potenciar a divulgación das ciencias médicas. A súa máxima distinción é a Medalla de Honor, que no ano 2012 recaeu na Escola Naval Militar de Marín como recoñecemento á colaboración que veñen mantendo estas dúas institucións dende que comezaron a colaborar organizando diversas sesións de carácter académico para os alumnos do centro castrense de Marín fai xa unha década.

Javier López López

Axente do Corpo Nacional de Policía, nado en Osnabrück (Alemaña) e destinado na Coruña como membro do Grupo de Atención ao Cidadán da Brigada de Seguridade Cidadá. Finou aos 38 anos de idade na madrugada do 27 de xaneiro de 2012 en servizo, intentando salvar a vida ao mozo estudante eslovaco Tomas Velicky. O Ministerio do Interior concedeulle a medalla de ouro ao mérito policial a título póstumo.

José Antonio Villamor Vázquez

Axente do Corpo Nacional de Policía nado en Friol (Lugo) e destinado na Coruña como membro do Grupo de Atención ao Cidadán da Brigada de Seguridade Cidadá desde 2010. Finou aos 34 anos de idade na madrugada do 27 de xaneiro de 2012 en servizo, intentando salvar a vida ao mozo estudante eslovaco Tomas Velicky. O Ministerio do Interior concedeulle a medalla de ouro ao mérito policial a título póstumo.

Rodrigo Maseda Lozano

Axente do Corpo Nacional de Policía propio de Burela (Lugo) e destinado na Coruña como membro do Grupo de Atención ao Cidadán da Brigada de Seguridade Cidadá desde 2005. Finou aos 35 anos de idade na madrugada do 27 de xaneiro de 2012 en servizo, intentando salvar a vida ao mozo estudante eslovaco Tomas Velicky. O Ministerio do Interior concedeulle a medalla de ouro ao mérito policial a título póstumo.

SONIA RODRÍGUEZ-CAMPOS SUBSTITÚE A PABLO FIGUEROA AO FRENTE DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- ***A xurista ourensá é profesora titular de Dereito Administrativo na Universidade de Vigo***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto de nomeamento da profesora de Dereito Administrativo Sonia Rodríguez-Campos como directora da Escola Galega de Administración Pública, cargo en que substitúe a Pablo Figueroa Dorrego, cuxo decreto de cesamento tamén foi aprobado hoxe no Consello do Goberno galego.

Sonia Rodríguez-Campos naceu en Ourense e é profesora titular de Dereito Administrativo no campus de Ourense da Universidade de Vigo. Licenciada en Dereito pola Universidade Complutense de Madrid, é máster en Dirección e Administración de Empresas pola Universidade de Gales e doutora en dereito coa cualificación de sobresánte cum laude pola súa tese sobre o réxime xurídico da calidade industrial.

Conta cunha ampla traxectoria como xurista e docente, que inclúe tres monografías en materia de ordenación económica e máis de vinte artigos en revistas xurídicas, nos cales abordou cuestións como a xustiza administrativa, o dereito da competencia, a defensa ambiental e do patrimonio histórico, a ordenación urbanística ou as políticas públicas europeas.

Rodríguez-Campos tamén foi investigadora en facultades de dereito como a Universidade París XII-Val de Marne ou La Sapienza, en Roma, e ten participado en distintos proxectos de investigación. Así mesmo, no seu currículo tamén figura ter colaborado na asesoría xurídica da Cámara da Propiedade Urbana de Vigo e ser vogal dos consellos de dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e da Academia Galega de Seguridade Pública.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CREA A COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- ***A posta en marcha da comisión suporá o establecemento do sistema de seguimento de todos os instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo***
- ***Unha das funcións principais será elaborar a memoria anual sobre o grao de adaptación das Directrices de Ordenación do Territorio***
- ***Esta comisión terá un papel imprescindible, posto que será o garante ante a cidadanía galega, da aplicación dunha ordenación do territorio responsable, sustentable, participativa e coordinada***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá o decreto polo que se crea a Comisión de Seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio, que se responsabilizará de desenvolver e adaptar o sistema de indicadores aplicándoo proporcionalmente ao grao de desenvolvemento das Directrices. Deste xeito dase cumprimento ao plan de seguimento que permitirá elaborar a memoria anual que se deberá presentar ao Parlamento.

A Comisión estará integrada por un presidente, que será a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio; un vicepresidente, cuxo cargo recae no director do Instituto de Estudos do Territorio; 5 vogais, que serán representantes en materia de avaliación ambiental, de ordenación do territorio, de urbanismo, de estatística e en administración local; e un secretario, que será un funcionario ou persoal do Instituto, designado polo presidente ou persoa en quen delegue.

Cómpre sinalar que a constitución desta comisión é acorde coa política de austeridade da Xunta de Galicia, xa que os membros dela non recibirán remuneración económica, co criterio de xestionar e coordinar os recursos co menor custo posible para os cidadáns.

Pola súa vez, crearanse grupos técnicos de traballo nos cales cada departamento autonómico con competencias de alcance territorial terán un papel importante na validación e consenso das propostas para as ferramentas de seguimento e dos resultados.

Entre as ferramentas destaca o sistema de indicadores de sustentabilidade territorial, que permitirá valorar os efectos das determinacións das directrices na ordenación territorial de rango inferior e, por outra parte, valorar a eficacia para encamiñar Galicia cara á sustentabilidade.

Así pois, no caso de detectarse unha evolución non acorde cos obxectivos sobre o desenvolvemento das Directrices de Ordenación ou do modelo territorial proposto, a Comisión será o órgano de decisión para suxerir novas vías de adaptación ou corrección.

Cómpre recordar que a aprobación e entrada en vigor das Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral foi un fito fundamental para avanzar na estratexia en materia de ordenación territorio nesta lexislatura. Non obstante, avánzase un paso máis coa creación desta comisión, que terá un papel imprescindible, posto que será o garante ante a cidadanía galega, da aplicación dunha ordenación do territorio responsable, sustentable, participativa e coordinada.

Funcións e responsabilidades

En relación coas funcións, esta entidade realizará os traballos preparatorios para a determinación do procedemento que regule o seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das directrices.

Tamén desenvolverá e adaptará o sistema de indicadores, que permitirán coñecer a evolución das variables de sustentabilidade co fin de controlar os efectos producidos e comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos.

Será o organismo encargado de identificar a contribución das propostas e plans estratéxicos de Galicia respecto da sustentabilidade territorial, propoñer medidas para corrixir posibles desviacións ou defectos non previstos inicialmente; así como establecer a composición e funcionamento dos grupos técnicos de traballo, por proposta do Instituto de Estudos do Territorio.

CULTURA E EDUCACIÓN DOTA POR PRIMEIRA VEZ A AGADIC DUNS ESTATUTOS QUE CONTRIBUIRÁN A DINAMIZAR AS INDUSTRIAS CULTURAIS GALEGAS

- ***A través destes estatutos acadarase unha mellor promoción das industrias e os produtos culturais galegos no interior e no exterior, así como o seu achegamento á cidadanía***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dotará por primeira vez a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) duns estatutos que contribuirán a dinamizar o sector cultural de Galicia, á vez que favorecerá a promoción da nosa cultura no ámbito nacional e no exterior. Deste xeito, traballarase para que as industrias culturais se adapten ás necesidades do mercado a través dun impulso da demanda na propia comunidade autónoma e no exterior, que permitirá abrir novos horizontes aos nosos creadores.

O Consello da Xunta acaba de aprobar os estatutos da Agadic, os primeiros desde que a axencia sucedera o antigo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) en todas as súas funcións. Créase o consello reitor da Agadic e defínese a súa composición e funcións; fíxanse os órganos de goberno e a estrutura administrativa da Axencia, así como o órgano de control, a súa natureza e o réxime xurídico. Ademais, establécese un réxime orzamentario cuns mecanismos de xestión transparente.

Nova estrutura

Os estatutos fixan unha nova estrutura administrativa para a Agadic, que estará estruturada en cinco departamentos: Xestión, Fomento e Promoción de Políticas Culturais, Política Audiovisual, Producción Teatral e Producción Coreográfica.

O departamento de Fomento ocuparase de deseñar, programar, executar e controlar as liñas de axudas para os distintos sectores das industrias culturais, así como a consecución dos obxectivos e dos proxectos sectoriais establecidos. O departamento de Xestión desenvolverá funcións en materia de persoal, xestión económico-financeira, compilación de documentación e os servizos comúns da Axencia.

Os departamentos de Producción Teatral e de Producción Coreográfica ocuparanse de desenvolver políticas de creación e programación no ámbito das artes escénicas.

Obxectivos e funcións

A Agadic terá o obxectivo de impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan produtos e servizos culturais, con especial atención á eficiencia. Pola súa vez, deberá de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento diferencial no mercado. O documento aprobado hoxe establece que a Axencia se ocupará da industria cultural galega desde a base formativa

ata a súa promoción exterior. Deste xeito, deberá contribuír á mellora da cualificación artística, técnica e empresarial, impulsando plans formativos acordes coas necesidades do sector.

Para o fortalecemento destes axentes culturais, fomentará a creación de infraestruturas, equipamentos e centros que faciliten o acceso á cultura dos cidadáns, contribuíndo ao desenvolvemento territorial e o fomento da educación, do emprego, da integración social, e da investigación. Deste xeito será máis doado o desenvolvemento doutra das súas funcións, a de estimular a creación, avivar o talento e a capacitación profesional e potenciar o necesario recoñecemento social e económico de artistas e autores.

Doutra banda, a Agadic traballará de xeito paralelo en tres procesos da cadea de negocio: a promoción, a distribución e a comercialización. Este organismo deberá promover a distribución e comercialización dos nosos produtos culturais dentro e fóra do noso país, fomentando a captación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados internacionais. Para isto, impulsará a cooperación e o asociacionismo entre os traballadores e as empresas dos distintos sectores culturais, así como as medidas do sector profesional galego para aumentar a súa presenza e competitividade nos mercados culturais, en especial, apoiando as exportacións de bens e servizos culturais galegos.

Progreso da cultura galega

A través das devanditas funcións, os estatutos confirman a Agadic como un organismo creado para o progreso da cultura galega, a través dunha rede en que cooperan Administración, empresas e profesionais na produción, creación, conservación, difusión e comercialización da cultura feita en Galicia, no marco dun mercado dinámico, sustentable e plural.

Estas liñas de traballo deberán lograr un incremento da demanda de produtos culturais galegos por parte da sociedade e nunha mellora da viabilidade dos proxectos das industrias culturais, aumentando o peso relativo do sector no sistema produtivo de Galicia. Unido a isto, e segundo se vaian notando estes avances, será inherente a potenciación de programas de investigación e desenvolvemento cultural, co fin de mellorar a calidade e diferenciación dos produtos, a axilidade no servizo prestado e a creación de valor engadido na economía dixital, o que reverterá nun futuro de horizontes máis amplos para a cultura galega.

A Consellería de Cultura e Educación procura a máxima coordinación entre a Administración pública e os axentes culturais co obxectivo de aproveitar as sinerxías, incrementar a posibilidade de financiamento e acadar unha maior calidade e eficiencia na acción cultural.

CULTURA E EDUCACIÓN ELABORA TRES NOVOS CURRÍCULOS DE GRAO SUPERIOR PARA CUMPRIR COAS NECESIDADES DE PROFESIONAIS CUALIFICADOS EN ENERXÍAS RENOVABLES, PAISAXISMO E MEDIO RURAL E XESTIÓN FORESTAL E DO MEDIO NATURAL

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe tres currículos que teñen como obxectivo dar resposta ás necesidades crecentes de profesionais cualificados nestes sectores produtivos***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no marco da estratexia de posta en valor da formación profesional que vén desenvolvendo, acaba de elaborar os novos currículos do ciclo de grao superior en enerxías renovables, paisaxismo e medio rural e xestión forestal e do medio natural.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a homologación de tres novos currículos, o que supón que no que vai de lexislatura o actual goberno xa adaptou 45 currículos ás exigencias da Lei das cualificacións profesionais e á Lei orgánica de educación. O obxectivo destes novos títulos é o de dar resposta ás necesidades crecentes de profesionais cualificados nestes sectores produtivos.

Estes currículos adaptan as novas titulacións ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega, así como ás necesidades de cualificación do sector produtivo respecto da especialización e polivalencia. Ademais, posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

Neste sentido, a inclusión do módulo de formación en centros de traballo permitirá que o alumnado complete as ensinanzas adquiridas no centro educativo mediante a realización dun conxunto de actividades de produción e/ou de servizos en situacións reais de traballo no contorno produtivo do centro, de acordo coas exigencias derivadas do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O módulo de proxecto que se inclúe nestes ciclos formativos permitirá integrar de forma global os aspectos máis salientables das competencias profesionais, persoais e sociais características do título que se abordaron no resto dos módulos profesionais, con aspectos relativos ao exercicio profesional e á xestión empresarial.

Características dos novos currículos

As persoas co título de técnico superior en enerxías renovables poderán exercer a súa actividade en empresas dedicadas a realizar a promoción, a montaxe, a explotación e o mantemento de instalacións de enerxías eólicas e solares fotovoltaicas para a produción de enerxía eléctrica. Asemade, tamén poderán traballar en postos relacionados coa instalación de liñas de alta tensión e coa xeración, o transporte e a distribución de enerxía eléctrica.

Pola súa banda, os técnicos superiores en paisaxismo e medio rural posuirán competencias para deseñar e manter parques e xardíns; a restauración dunha área paisaxística; planificar e supervisar actividades de instalación e mantemento de zonas verdes e campos deportivos; e para a produción de produtos agrícolas.

O currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en xestión forestal e do medio natural acredita para programar, supervisar e realizar diferentes traballos no monte e en viveiros. Os estudantes deste título estarán capacitados para realizar actividades de repoboación e de corrección hidrolóxica forestal; programar as actuacións de mellora do hábitat das especies cinexéticas e acuícolas continentais; actividade nos servizos de extinción de incendios forestais; e planificación da produción de sementes e plantas en viveiro.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN CONXELA OS PREZOS DAS MATRÍCULAS UNIVERSITARIAS E CONTÉN UNHA SUBA MÍNIMA NOS MÁSTER E SEGUNDAS E SUCESIVAS MATRÍCULAS

- ***O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que establece os prezos para a obtención de títulos universitarios de carácter oficial para o curso 2012/2013***
- ***Este decreto certifica que Galicia terá as taxas máis baixas do Estado, tal e como comprometera o goberno da Xunta***
- ***Os prezos recibiron informe favorable no Consello de Universidades***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos títulos universitarios de carácter oficial no ensino universitario para o curso 2012/2013. Para o vindeiro curso, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, conxela as taxas universitarias nas primeiras matrículas e contén unha suba mínima de máster e segundas e sucesivas matrículas, unha firme aposta deste goberno a prol do estudantado galego.

Segundo establece este decreto, Galicia acóllese ao límite inferior das subas establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para cada tipo de matrícula, conxelando as primeiras matrículas de grao. En segunda, terceira, cuarta e sucesivas matrículas, optárase pola mínima suba, establecendo un límite de incremento para este curso, co fin de minorar o impacto sobre as economías familiares e facilitar que todo os cidadáns poidan cursar estudos universitarios.

A Consellería de Cultura e Educación aposta tamén pola conxelación dos prezos de matrícula dos máster con competencias profesionais, mentres que no resto de máster o incremento será só do 6% este ano, e igual que as segundas e seguintes matrículas de grao, repartido en tres cursos académicos. Asemade, co obxectivo de beneficiar o alumnado, conxélanse as tarifas de expedición de títulos e secretaría, que serán os mesmos que o pasado curso académico, así como a tarifa correspondente á titoría anual de doutoramento.

Os prezos recollidos neste decreto recibiron informe favorable no Consello de Universidades celebrado o pasado 2 de xullo. Unha vez que se publique o presente decreto no *Diario Oficial de Galicia*, cada universidade emitirá unha resolución reitoral que adaptará os procedementos e prazos de matrícula ás disposicións do presente decreto.

Este decreto certifica que Galicia terá as taxas máis baixas do Estado, tal e como comprometera o goberno da Xunta. Isto débese ao esforzo realizado polo Goberno galego e á boa xestión realizada no que vai de lexislatura, grazas á que se que afronta o escenario de axustes que se están a producir no resto do Estado coas tarefas a prol da eficiencia xa feitas.

O CONSELLO DA XUNTA RECOÑECE O CARÁCTER SUPRAMUNICIPAL DO PLAN SECTORIAL DE RETEGAL PARA IMPLANTAR E ORDENAR AS INFRAESTRUTURAS DE TELECOMUNICACIÓN DO SECTOR PÚBLICO

- *Retegal conta con case 200 centros de telecomunicacións e construírá outros 116 ata 2013 para facilitar a extensión da banda larga en toda Galicia*
- *A empresa pública, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica, está a desenvolver un papel clave no Plan de Banda Larga para posibilitar a conexión á internet de todos os galegos*
- *A ampliación de infraestruturas permitirá á Xunta xestionar unha potente rede de telecomunicacións para chegar a rede ás zonas máis illadas tecnoloxicamente*

O Consello da Xunta declarou hoxe a incidencia supramunicipal do Plan sectorial da empresa pública Redes de Telecomunicación Galegas (Retegal), para a implantación e desenvolvemento das infraestruturas de telecomunicación que xestiona e que son propiedade da Xunta de Galicia. Deste xeito, o Plan convértese nunha estratexia autonómica que servirá de marco para o desenvolvemento das iniciativas públicas do ámbito das telecomunicacións seguindo uns criterios de equidade territorial.

Retegal, dependente da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, conta na actualidade con case 200 centros de telecomunicacións que están a ser clave no desenvolvemento do Plan de Banda Larga da Xunta para dotar da posibilidade de acceso á internet a todos os galegos.

No marco deste plan, Retegal ten previsto construír, entre o ano 2012 e 2013, 116 novos centros que permitirán dar servizo de banda larga a aquelas áreas do territorio galego que na actualidade non dispoñen del mesmo. Dous anos despois da súa posta en marcha o Plan posibilitou o acceso á rede a máis de 475.000 galegos dos 786.000 que non dispuñan deste servizo.

A ampliación de infraestruturas de Retegal permitirá acelerar a extensión da banda larga mediante a reutilización destas localizacións polos distintos operadores privados, aos cales non lles resulta rendible realizar investimentos en determinadas zonas da xeografía galega polo súa orografía e dispersión poboacional.

Obxectivos e liñas de actuación

Co obxectivo de que o desenvolvemento destes centros se realice de acordo coa lexislación vixente na materia, en especial coa ordenación territorial e ambiental, Retegal elaborou un plan sectorial que ten como obxectivos ordenar axeitadamente as infraestruturas existentes, formular a evolución previsible a medio e longo prazo, e estimar as necesidades destas.

Así mesmo, analiza as posibilidades de implantación de novas infraestruturas e instalacións para determinar os principais criterios de instalación.

Para alcanzar estes obxectivos o Plan ocuparase de:

- a) Analizar todas as infraestruturas existentes xestionadas por Retegal e a situación urbanística en que se encontra cada unha delas e o papel que cumpren tanto dende un punto de vista loxístico como operativo e tecnolóxico dentro da rede pública.
- b) Establecer as medidas que se consideren necesarias para a súa posible evolución e conservación
- c) Cuantificar as necesidades de infraestruturas terrestres que, a curto e medio prazo, se detectan nas catro provincias que integran o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- d) Localizar as áreas territoriais máis deficitarias destas infraestruturas.
- e) Diseñar criterios obxectivos de localización para os distintos ámbitos de solo que deberán de ser reservados para a creación destas infraestruturas.

Potente rede de telecomunicacións

O reforzo das infraestruturas de Retegal comezou en 2010 coa construción de novos centros de telecomunicación e a ampliación da rede de fibra óptica existente. Instaláronse xa máis de 750 novos quilómetros de fibra óptica que se sumarán aos máis de 1.000 xa existentes para conformar unha rede de preto de 1900 quilómetros de fibra óptica sobre a cal se implementarán tecnoloxías de última xeración que permiten a transmisión de datos a unha velocidade de 10 xigas.

Esta actuación está a dotar a Comunidade dunha potente rede de telecomunicacións coa tecnoloxía máis avanzada en canto á capacidade de crecemento, calidade, posibilidades de evolución e maior velocidade de transporte. Deste xeito, a Xunta de Galicia, a través de Retegal xestionará unha infraestrutura que lle permitirá unha gran capilaridade para achegar á rede as zonas máis illadas tecnoloxicamente que ata o de agora non podían acceder aos servizos dixitais máis avanzados.

A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 300.000 EUROS NA CONSTRUCCIÓN DUN PUNTO LIMPO NO CONCELLO PONTEVEDRÉS DE NIGRÁN

- ***A nova infraestrutura, que se situará na parroquia de Parada, será financiada ao 100% polo Goberno galego cun importe total de 308.857 euros e terá un prazo de execución de cinco meses***
- ***Segundo os prazos que manexa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está prevista a licitación desta obra para vindeiro mes de agosto***
- ***Trátase dunha infraestrutura para o depósito daqueles materiais que polas súas características non se poden depositar nos colectores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns ou electrodomésticos***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión desta mañá a colaboración técnico-financeira co Concello de Nigrán para a construción dun punto limpo neste concello do sur da provincia de Pontevedra.

A nova infraestrutura, que se situará na parroquia de Parada, será financiada ao 100% polo Goberno galego cun importe total de 308.857 euros e terá un prazo de execución de cinco meses. Segundo os prazos que manexa a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, está prevista licitación desta obra para vindeiro mes de agosto.

Trátase dunha infraestrutura para o depósito daqueles materiais que polas súas características non se poden depositar nos colectores da rúa, tales como pilas, fluorescentes, baterías, colchóns, electrodomésticos, etc.

As obras a executar consistirán basicamente no movemento de terras, urbanización e axardinamento, instalacións xerais, caseta de recepción e almacén, peche perimetral e porta de acceso, colectores e sinalización, entre outros.

Colaboración con entidades locais

Este expediente foi tramitado ao abeiro do Decreto 4/2005, do 13 de xaneiro, que prevé a colaboración técnica e financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas coas entidades locais.

Mediante a dita normativa establécese a posibilidade de financiamento e execución por parte da Xunta de Galicia de obras en materia de xestión de residuos, incluídas a recuperación de espazos degradados por verteduras e os proxectos técnicos - construtivos das obras anteriores nos termos municipais da Comunidade Autónoma.

A porcentaxe de financiamento por parte da Xunta poderá acadar ata o 100% do total do custo da obra.

A XUNTA INVISTE 4,1 MILLÓNS DE EUROS NA EXECUCIÓN DUNHA DEPURADORA EN GANDARÍO CO FIN DE TRATAR AS AUGAS RESIDUAIS ANTES DE VERTER Á RÍA DE BETANZOS

- *A solución proposta consta da construción dunha estación depuradora con tratamento biolóxico e con desinfección final por raios UV para uns 6.000 habitantes*
- *A optimización de saneamento prevé unha rede de colectores de 4.340 metros de lonxitude e con diámetros de 315 e 400 mm e tres estacións de bombeo*
- *Este proxecto ten como fin solucionar a carencia de infraestruturas de tratamento de augas residuais da conca vertente de Gandarío, cuxos vertidos se envían directamente á ría de Betanzos sen depuración ningunha*
- *A Xunta de Galicia, con esta actuación, dá cumprimento a Directiva Europea 91/271 sobre o tratamento das augas residuais urbanas, que esixe que os núcleos de máis de 2.000 habitantes dispoñan dun sistema de depuración adecuado*

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o acordo entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e o Concello de Bergondo para a execución dos colectores xerais de saneamento e a estación depuradora de augas residuais en Gandarío.

O Goberno galego, a través de Augas de Galicia, achega un investimento económico de 4,1 millóns de euros para a dotación destas infraestruturas hidráulicas.

Este proxecto ten como fin solucionar a carencia de infraestruturas de tratamento de augas residuais da conca vertente de Gandarío, cuxos vertidos se envían directamente á ría de Betanzos sen depuración ningunha. Coa posta en servizo da EDAR e os colectores asegúrase a recolla das residuais da poboación, que serán tratadas na planta depuradora antes de verter ao mar.

No caso do Concello de Bergondo, o municipio conta con tres depuradoras de augas residuais que, xunto aos colectores, atenden as verteduras do 80% da poboación residente estable. Non obstante, na zona de Gandarío non acontece o mesmo, xa que esta área carece de sistema de saneamento. A existencia do contorno da praia, cunha ocupación masiva no verán, provocan que as verteduras deriven á ría de Betanzos.

Augas de Galicia pretende coa presente actuación solucionar a problemática explicada, garantindo a construción dunha estación na cal se tratarán as augas residuais antes de verter á ría.

A Xunta de Galicia, con esta actuación, dá cumprimento a Directiva Europea 91/271 sobre o tratamento das augas residuais urbanas, que esixe que os núcleos de máis de 2.000 habitantes dispoñan dun sistema de depuración adecuado.

EDAR e colectores

A solución proposta consta da construción dunha estación depuradora con tratamento biolóxico e con desinfección final por raios UV para uns 6.000 habitantes. A depuradora contará cunha liña de auga na cal se levarán a cabo procesos de pretratamento con desareamento e desinfección e outra liña de lodos na cal se executarán espesamento por gravidade e deshidratación por centrífuga.

O proxecto inclúe unha rede de colectores de 4.340 metros de lonxitude en PVC e con diámetros de 315 e 400 mm. A rede tamén contará con 124 pozos de rexistro.

Esta mellora do saneamento tamén prevé a instalación de tres bombeos, en formigón armado, con bombas centrífugas somerxibles, aliviadoiro, cestón de grosos, control automatizado de sensores de nivel e boias de nivel de seguridade, e arqueta anexa para válvulas de retención e comporta. Cada bombeo contará con dúas bombas e unha impulsión, en total executaranse 531 metros de impulsión.

A XUNTA DESTINA 2,2 MILLÓNS DE EUROS AO CONTROL DA EXPLOTACIÓN E MANTEMENTO DAS DEPURADORAS QUE ESTÁ A XESTIONAR EN GALICIA

- *Na actualidade, Augas de Galicia explota un total de 26 estacións depuradoras de augas residuais, o que se traduce na necesidade de contar con equipamentos de control, inspección e vixilancia dos traballos de depuración*
- *O obxectivo do contrato é garantir un correcto funcionamento, mantemento e seguridade das instalacións e infraestruturas hidráulicas, de tal xeito que a depuración se realice nas mellores condicións posibles*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou o contrato polo que se licita a labor de dirección de explotación de depuradoras na comunidade galega, por un importe de 2,2 millóns de euros.

Na actualidade, Augas de Galicia explota 26 estacións depuradoras de augas residuais urbanas, polo que xorde así a necesidade de contar con equipos de control técnico, inspección e vixilancia dos traballos de depuración que se realizan.

Por outra banda, a Lei de augas de Galicia (Lei 9/2010) prevé que as depuradoras, actualmente dependentes dos concellos poidan ser explotadas pola Xunta de Galicia. Segundo as previsións que manexa o Goberno galego, Augas de Galicia podería facerse cargo das depuradoras cunha capacidade de tratamento para máis de 2.000 habitantes que están a ser xestionadas polas administracións locais. Neste caso, o contrato deberá complementarse en función das incorporacións que se produzan.

Con esta medida a Xunta trata de garantir un correcto funcionamento, mantemento e seguridade das instalacións e infraestruturas hidráulicas de depuración de augas residuais urbanas. Deste modo, a depuración realizarase nas mellores condicións.

Cómpre recordar que Augas de Galicia é a entidade responsable en materia de augas no ámbito das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, en particular garantindo a máxima eficacia no cumprimento das súas funcións e na prestación dos seus servizos.

Contido do contrato

O contrato ten como obxecto asistir a dirección da explotación nos traballos de control, vixilancia e inspección ás instalacións hidráulicas, competencia da Xunta e aquelas que xestiona indirectamente na actualidade. Deste xeito, realizaranse as seguintes tarefas:

- Asistir o director da explotación na elaboración e programación das campañas das análises que se efectúen a cada explotación en curso, incluíndo manuais de funcionamento dos equipamentos, programas de funcionamento, informes,

históricos de caudais, análises realizadas, software de autómatas e SCADA e todo tipo de documentación necesaria para a xestión das instalacións.

- Asistir ao director da explotación na formulación da acta de comprobación das instalacións, o que inclúe a comprobación dos equipamentos mecánicos, eléctricos, autómatas e informáticos, así como de todos os elementos necesarios para o correcto funcionamento das instalacións.
- Nos contratos de concesión de obra pública, realización de estudos baseados nas campañas de caudais que se deben realizar, información histórica e formulacións teóricas para determinar os caudais a tomar como bases de partida na licitación. Tamén análise dos equipamentos mecánicos e eléctricos propostos polo adxudicatario na elaboración do proxecto construtivo.
- Impulsar a xestión das explotacións por parte do contratista, especialmente cando se produzan incidencias.
- Avaliar as condicións de seguridade e saúde das instalacións e propoñer procedementos de traballo á dirección de explotación, así como realizar propostas sobre problemas detectados nas plantas, xa sexa a nivel de equipamentos, proceso, ou deseño, por indicación da dirección de explotación.
- Realizar un estudo sobre a eficiencia enerxética nas estacións depuradoras e bombeos xestionados pola Administración hidráulica de Galicia, propoñendo medidas para optimizar e minimizar os consumos de enerxía.

O contrato autorizado polo Consello da Xunta xa prevé a posibilidade de que deban controlarse novas estacións de depuración. Neste sentido, o adxudicatario tamén deberá encargarse do apoio ao Departamento de Explotación de Augas de Galicia nos traballos previos á licitación por parte de Augas de Galicia dos contratos de xestión de servizo público que licite para as novas depuradoras que asuma.

A XUNTA APROBA O PARQUE EÓLICO DE BARREIROS, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NESTE CONCELLO DE LUGO

- ***O parque de titularidade municipal está composto de 2 aerogeradores e terá unha produción anual prevista de 3 megas***
- ***A aprobación deste parque supón un novo avance no desenvolvemento da eólica galega como unha fonte enerxética e economicamente sustentable***

O Consello da Xunta de Galicia vén de aprobar definitivamente o proxecto do parque eólico singular de Barreiros, que suporá un investimento de máis de 2 millóns de euros neste concello lucense. O parque está composto de 2 aerogeradores e terá unha produción anual prevista de 3 megas.

No eido local, este parque eólico de titularidade municipal suporá unha fonte de financiamento para o concello de Barreiros, pola venda da enerxía eléctrica producida. Ademais, a aprobación do proxecto sectorial do parque eólico singular de Barreiros permitirá a implantación dunha nova instalación de produción de enerxía a partir de fontes renovables, supoñendo un novo avance no desenvolvemento da eólica galega como unha fonte sustentable tanto dende o punto de vista enerxético como económico.

Deste xeito, a Consellería de Economía e Industria continúa a desenvolver a aposta da Xunta polo liderado do sector eólico galego na cal, ademais de pór en marcha nesta lexislatura un concurso eólico por 2.325 megavatios, tamén outorgou autorizacións administrativas para 404,90 MW, correspondentes a 35 novas instalacións.

Neste sentido, cómpre destacar que a Xunta está a apoiar un modelo de desenvolvemento da enerxía eólica orientado á recuperación do liderado neste sector e máis a impulsar a reactivación económica de Galicia. Nesta estratexia, a Consellería de Economía e Industria ten moi en conta os concellos, de xeito que por medio do canon eólico se recadaron xa 70 millóns de euros destinados aos municipios galegos.

Por outra banda, a alta rendibilidade dos parques eólicos galegos é un factor moi positivo nos obxectivos de aforro e eficiencia que se refiren ao cumprimento do compromiso 20-20-20, que busca que no ano 2020 o 20% do consumo final bruto da enerxía proceda de fontes renovables.

SANIDADE DESTINA PRETO DE 2,3 MILLÓNS Á CONTRATACIÓN DE REALIZACIÓN DE PROBAS DE LABORATORIO

O Consello da Xunta autorizou hoxe a contratación do servizo de realización de probas de laboratorio para os centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, suxeito a regulación harmonizada por procedemento aberto. A contratación deste servizo, fundamental para o desenvolvemento da actividade asistencial no Sergas realízase no marco da xestión dos recursos de forma rigorosa e eficiente da Estratexia Sergas 2014.

O obxectivo deste expediente é acadar o mellor prezo posible para a realización das probas analíticas fóra da rede de laboratorios do Servizo Galego de Saúde, garantindo a calidade do servizo e a integración dos resultados das análises nos sistemas de información dos laboratorios.

O importe total do contrato é de 2.299.696,70 euros para un ano. O gasto real dependerá das probas que se realicen e dos prezos unitarios a que se adxudiquen. Este contrato suporá un aforro de case un 10% sobre o importe do gasto en 2011.

ECONOMÍA E INDUSTRIA DETECTA QUE AS EMPRESAS DA INDUSTRIA DA MADEIRA PODERÍAN REDUCIR NUN 20% O QUE GASTAN EN ENERXÍA CON MEDIDAS DE AFORRO E EFICIENCIA

- *Un estudo elaborado polo Inega reflicte que serradoiros, carpintarías e moblarías acadarían un aforro medio de 46.000 euros ao ano aplicando as propostas*
- *A electricidade é a enerxía que máis se consome neste sector, supondo máis da metade do consumo da industria madeireira*
- *A substitución de lámpadas por outras máis eficientes, a adecuación da factura aos consumos, o control de sistemas de climatización ou o emprego da biomasa permiten diminuír o gasto*
- *Ao informe, para o cal se auditaron máis dunha vintena de empresas, pódese acceder a través da web do Inega, e será difundido entre as empresas do sector coa distribución de máis de 500 exemplares*

A Consellería de Economía e Industria, na súa aposta pola promoción do aforro e a eficiencia enerxética, acaba de realizar a través do Instituto Enerxético de Galicia un estudo de optimización enerxética da industria da madeira co obxectivo de reducir os custos de funcionamento e incrementar a produtividade e a competitividade dun sector clave para a economía galega.

Segundo este estudo presentado hoxe no Consello da Xunta, para cuxa elaboración se realizaron auditorías enerxéticas nunha mostra de máis de 20 empresas representativas desta industria, tanto polas súas dimensións como polos campos de actuación, o potencial medio de aforro de enerxía en serradoiros, carpintarías e moblerías é dun 5%, o que se traduce nun aforro económico anual do 20%. Tendo en conta que o consumo enerxético por exercicio supón un gasto superior aos 230.000 euros, as empresas do sector poden aforrar 46.000 euros ao ano aplicando as medidas propostas.

Este traballo encádrase na serie de estudos que está a realizar a Consellería, a través do Inega, dos distintos sectores produtivos da economía galega. Xa se presentaron informes centrados en promover o aforro e eficiencia enerxética do sector téxtil e das explotacións de leite, e estase a traballar noutros que beneficiarán industrias como a pesca ou o granito.

O informe salienta que, como media, as empresas do sector consomen, anualmente, 211,66 tep de enerxía, o que supón o 1,7% da súa facturación. Máis da metade da enerxía que se consome é electricidade, que supón o 79% do gasto económico.

Entre as propostas para reducir gasto inclúense a substitución de lámpadas por outras máis eficientes, con aforros que superan o 10% do custo do investimento; a adecuación da factura eléctrica aos consumos, que permiten un aforro medio nas empresas do

sector de máis de 2.000 euros ao ano; o emprego de variadores de frecuencia en motores eléctricos; ou a revisión das instalacións de aire comprimido.

Así mesmo, as empresas do sector da madeira poden aproveitar a biomasa residual que obteñen do seu proceso produtivo para producir calor, reducindo o consumo térmico ata un 50%.

Neste análise sinálase que os serradoiros máis pequenos gastan en enerxía de media un 9,3%, mentres que nos grandes a porcentaxe diminúe ata o 1,8%. Pola súa banda, as carpintarías e moblerías con consumos máis baixos dedican un 2,9% da facturación a enerxía, mentres que nas grandes esta porcentaxe ascende ata o 3,3%.

O estudo trasladado ao Consello da Xunta, ademais de facer propostas concretas de aforro ás empresas auditadas para a súa elaboración, será difundido entre as industrias do sector da madeira, coa finalidade de que as medidas propostas lles poidan servir de guía. Para iso, distribuiranse 500 exemplares do estudo, e a publicación tamén se atopará á disposición do sector e dos cidadáns na páxina web do Inega (www.inega.es).

A REDE PEXGA IMPULSADA POLA XUNTA DUPLICOU NO QUE VAI DE ANO O SEU SERVIZO CHEGANDO ATA AS 3.100 ACTUACIÓNS PARA FACILITAR A INTERNACIONALIZACIÓN DAS EMPRESAS GALEGAS

- *Preto de 1.300 empresas ou iniciativas colectivas víronse beneficiadas da posta en marcha da rede*
- *Os mercados de Colombia, Brasil e México son os que máis interese espertan nas empresas galegas que deciden implantarse no exterior contando co asesoramento da rede de centros de negocios*
- *A Rede Pexga foi posta en marcha en agosto do pasado ano para impulsar a estratexia de internacionalización activada pola Xunta como fórmula de crecemento empresarial e para servir de faro para a atracción de investimentos*
- *As 14 plataformas empresariais localízanse nos mercados de interese prioritario para o tecido empresarial galego*

A rede de Plataformas Empresariais no exterior de Galicia (PEXGA) promovida pola Xunta de Galicia e desenvolta mediante un acordo de colaboración asinado pola Consellería de Economía e Industria –a través do Igape– e a Confederación de Empresarios de Galicia, facilitou ata a data 3.100 accións e servizos a empresas galegas que apostan pola internacionalización, duplicando nos primeiros cinco meses do ano as rexistradas no 2011. Isto reflíctese en que ata hoxe máis de 1.300 beneficiarios –empresas ou iniciativas colectivas- solicitaron o apoio da Rede Pexga na súa aposta pola internacionalización como a mellor alternativa para o crecemento.

Por medio da Rede Pexga a Xunta dá un forte impulso á estratexia de internacionalización empresarial que ten en marcha o Goberno galego como unha fórmula clave para as pemes, así como para a atracción de investimentos. Á apertura de catro novas plataformas nos primeiros meses de 2012 (Nova York, Londres, Istanbul e Tánxer) uníranse as catro últimas, que completarán a rede de 14 oficinas este mesmo ano, de xeito que se prevé que se manteña a progresión alcista no número de accións ao servizo das empresas que apostan polos mercados exteriores.

Forte interese no mercado americano

Dentro do importante atractivo do mercado americano, no cal destacan sectores como o agroalimentario, o téxtil, a enxeñaría, as conservas ou a automoción, cómpre salientar a importancia de países como Colombia e México, escollidos polas empresas galegas para dar o seu salto ao mercado americano debido ás importantes oportunidades que ofrecen polo gran desenvolvemento que están a experimentar. De feito, segundo o informe que avaliou o Consello da Xunta hoxe, as plataformas Pexga de Bogotá e México D.F. están entre as que teñen prestado máis servizos, xunto coa de São Paulo (Brasil).

Por medio da rede no mercado colombiano xa podemos falar de novas implantacións neste país ou de procesos moi avanzados. Este é o caso de empresas galegas de distintos sectores como o Grupo Femxa, AFC Construcciones y Servicios, Método Consultores, Frisaqués, Pórtico e Arteixo Telecom. Por outra banda, instalouse no mercado mexicano a empresa Iceacsa e está en vías de implantación Lógica Equipamientos Integrales. Tamén, en Brasil, outro dos mercados máis atractivos, están en fase de implantación as compañías Elinsa e Ecovame Soluciones.

Ademais, empresas ou organismos intermedios de carácter empresarial conseguiron subscribir acordos de colaboración co apoio de Pexga, como é o caso de Ineo co clúster TIC de Querétaro (México); ou ben iniciar ou incrementar as súas exportacións aos mercados con plataformas da rede, como por exemplo, no país mexicano, Voga Desarrollos e Rías Baixas; en Brasil, Itelsis e Grupo Cuevas; Ficción Producciones en Arxentina; e Marfrío en Francia.

Dentro de Europa, Francia, primeiro destino das exportacións galegas, cunha cota en 2011 do 28% das vendas internacionais das empresas de Galicia, está a ser unha das plataformas cunha maior demanda de servizos por parte das empresas.

A rede Pexga foi impulsada pola Xunta para reforzar a internacionalización da economía galega, un dos obxectivos estratéxicos da política económica do Goberno, apoiando en destino as accións de internacionalización das empresas galegas e procurando a captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia.

Puntos de encontro Pexga en Galicia

Para axudar neste salto ao exterior e facilitar ao empresario a toma de decisións, o Igape, en colaboración coa CEG, vén desenvolvendo durante os últimos meses, unha serie de encontros en Galicia cos directivos das oficinas Pexga dos distintos destinos, nos cales presentar *in situ* aos empresarios galegos os principais atractivos de cada un dos mercados, ofrecer os servizos das plataformas e atender e dar resposta as súas dúbidas.

Servizos de información, asesoramento e apoio en destino

As plataformas desta rede facilitan asesoramento e apoio integral ás empresas galegas para que avancen nos seus procesos de internacionalización. Deste xeito, e como complemento das accións específicas desenvolvidas directamente polo Igape, a rede Pexga constitúe unha panca de referencia no proceso de expansión exterior do tecido empresarial galego.

Cada unha das plataformas achega servizos individualizados e todo tipo de información ás empresas co obxectivo de achegarlles as oportunidades que ofrece cada un dos mercados en que se atopa presente. Tamén informa sobre os aspectos fiscais, xurídicos, laborais e financeiros para ter en conta á hora de implantarse no país.

Para acceder aos servizos facilitados pola rede só é preciso inscribirse na súa web, www.pexga.es, que desde a súa apertura recibiu preto de 18.000 visitas cun total de 109.660 páxinas consultadas.

SANIDADE ADXUDICA O CONTRATO DE SERVIZOS DE TELEOPERADORES DO 061 POR UN IMPORTE DE ARREDOR DE 4,5 MILLÓNS DE EUROS

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera Álvarez, informou hoxe no Consello da Xunta da adxudicación do contrato de servizos de teleoperadores do 061, por un importe de 4.562.470 euros.

O obxectivo é dar cumprimento ás necesidades da Fundación Pública Urgencias de Galicia-061. Esta central coordina as actuacións e mobiliza os recursos necesarios para atender as necesidades da poboación, ben a través da resposta ás urxencias, marcando o número de teléfono 061, o ben a través das consultas sanitarias, chamando ao 902400116 ou ao 902077333.

A contratación deste servizo supón unha diminución de 240.130 euros respecto ao prezo de saída – 4.802.600 euros para un período de 24 meses-, o que representa un aforro do 6%.

UN TOTAL DE 356 PROFESIONAIS INSCRITOS A TRAVÉS DO EXPEDIENT-E NO CONCURSO DE TRASLADOS DE PERSOAL LICENCIADO SANITARIO

- ***Neste concurso ofértanse un total de 221 prazas de 39 especialidades***

Un total de 356 profesionais confirmaron a súa inscrición, a través do Expedient-e, no concurso de traslados de persoal licenciado sanitario convocado o pasado 22 de maio pola Administración sanitaria. Este concurso ten a finalidade de garantir o dereito á mobilidade voluntaria do persoal, dándolle a posibilidade de acadar un novo destino que se adapte mellor as súas circunstancias persoais.

Trátase do punto de partida dun novo proceso de estabilización de facultativos especialistas de área e médicos de urxencias, que concluirá coa celebración dun novo concurso oposición de facultativos, o terceiro dende o ano 2006.

Neste concurso ofértanse un total de 221 prazas de 39 especialidades. Destas, tan só en 4 de elas o número de prazas ofertadas a traslados supera o número de propietarios con interese de mobilidade.

O 9% dos inscritos neste concurso de traslados pertencen a outros sistema de saúde. Con respecto os propietarios do noso sistema, o 36% traballan en hospitais comarcais e o resto en complexos hospitalarios.

Unha das novidades incluídas neste proceso é a puntuación por conciliación, solicitada por un 22% dos profesionais inscritos. Trátase de favorecer a conciliación da vida laboral e familiar das persoas concursantes mediante a asignación dunha puntuación adicional nos supostos en que o destino solicitado polo profesional estea situado no mesmo concello onde teña o seu destino definitivo como empregado público o seu cónxuxe ou parella de feito.

Modernización do proceso

Este concurso de traslados incorpora diversas novidades entre as cales cabe destacar a mellora e modernización do proceso coa incorporación dos medios electrónicos e telemáticos ás diversas fases de tramitación (*FIDES/expedient-e electrónico*), o que facilita a participación dos profesionais reducindo a documentación que se debe achegar xunto coa solicitude, e poñendo á súa disposición as novas tecnoloxías para a formalización da súa participación e o rexistro de méritos.

Una vez concluído o proceso de inscrición o pasado 22 de xuño, estanse a validar as inscricións de cada un dos participantes co fin de publicar a finais deste mes de xullo unha listaxe de admitidos ou excluídos do proceso.